



OS BOLECHAS. SOMOS UNHA GRAN FAMILIA

Os Bolechas non podían faltar á súa cita anual co FalaRedes. Sonia, Tatá, Pili, Loli, Carlos e Braulio, acompañados polo seu fiel can Chispa, pararán en 21 concellos da Rede de Dinamización Lingüística para falarlles aos máis pequenos da casa dos membros da familia.

Somos unha gran familia é unha actividade participativa protagonizada polos Bolechas e dirixida a nenos e nenas de 3 a 9 anos e ás súas familias. A través do teatro e do xogo, os rapaces e rapazas coñecerán o léxico referido ás relacións de parentesco e descubrirán a importancia da familia. A dinamización lingüística prolongarase tras a fin do espectáculo mediante un web interactivo onde o público poderá acceder a xogos e unidades didácticas, así como a un sorteo de libros dos Bolechas.

Os Bolechas presentan unha proposta divertida na que a familia non só é destinataria senón protagonista. Un proxecto para pasalo en grande cos Bolechas desde os 3 ata os 100 anos!

Coma sempre, ademais de diversión a proposta ten un compoñente didáctico no que se bota man do tema principal, a familia, para desenvolver diversas cuestións, unhas máis teóricas, como coñecer os parentescos, e outras máis prácticas, relacionadas con xogos populares e de habilidade. De xeito transversal, como é habitual, tocaranse temas como o traballo en equipo, a colaboración, fomento de prácticas saudables e, por suposto, habilidades lingüísticas en galego, de forma que o idioma sexa o eixo a través do que se configura todo o universo de diversión que levan apareladas as iniciativas dos Bolechas.

A duración media da función está arredor dos 50 minutos.

Os Bolechas. Somos unha gran familia está dirixido a público de 3 a 9 anos e ás súas familias e chegará este verán a 21 concellos da Rede de Dinamización Lingüística. Coma sempre no FalaRedes, a entrada é libre e de balde ata completar a capacidade das salas. Toda a información sobre a nova edición xa está dispoñible no Portal da Lingua Galega en www.lingua.gal/FalaRedes.



@Falaredes



Rede de Dinamización Lingüística

OS BOLECHAS. SOMOS UNHA GRAN FAMILIA

XUÑO

- Venres 14: **Barro**, no Salón de Actos da Biblioteca Pública, ás 19:30 horas
- Venres 28: **Lalín**, no Salón Teatro, ás 19:00 horas
- Sábado 29: **A Bola**, no Local Social da Casa do Concello, ás 12:00 horas
- Sábado 29: **Boborás**, no Local Social de Brués, ás 19:00 horas
- Domingo 30: **O Pereiro de Aguiar**, Pendente lugar, ás 12:30 horas
- Domingo 30: **Pazos de Borbén**, no Salón de Actos do Concello, ás 20:00 horas



XULLO

- Sábado 6: **Cerceda**, no Auditorio Municipal, ás 12:00 horas
- Sábado 6: **A Laracha**, no Centro Sociocultural de Paiosaco, ás 19:30 horas
- Domingo 7: **Muros**, no Auditorio Municipal, ás 11:30 horas
- Domingo 7: **Boqueixón**, na Casa da Cultura, ás 18:00 horas
- Sábado 13: **Tui**, na Sala Félix Rodríguez (área panorámica), ás 12:00 horas
- Sábado 13: **Mondariz-Balneario**, na Sala de Cultura da Casa de Concelloz, ás 19:00 horas
- Domingo 14: **Triacastela**, na Sala Fonte do Lunar, ás 19:00 horas
- Sábado 20: **Rois**, no Auditorio Municipal, ás 12:00 horas
- Domingo 21: **Pontecesures**, no Centro Social, ás 12:30 horas
- Xoves 25: **Ramirás**, no Centro Cultural do Picouto, ás 12:30 horas
- Xoves 25: **Mos**, no Auditorio Pazo de Mos, ás 19:30 horas
- Sábado 27: **Barreiros**, no Centro Sociocultural Manuel Díaz Sampedro, ás 12:00 horas
- Domingo 28: **Nogueira de Ramuín**, no Grupo Escolar, ás 12:00 horas
- Domingo 28: **Oímbra**, no Pavillón Municipal, ás 20:30 horas

